

- Título do Estudo: “Carpintería de ribeira: renovación tecnolóxica, respecto medioambiental e formación”.
- O Estudo persigue a sensibilización do sector da carpintería de ribeira galego verbo dos factores que determinan a actual crise do oficio, e da necesidade tanto da renovación tecnolóxica, diversificación de produtos e espazos de actuación, como da introducción dos enfoques medioambiental, control de calidade, igualdade de xénero e formación, para asegurar a supervivencia dentro do chamado “negocio marítimo” das PYMES que integran o sector e posibilitar que continúen a crear riqueza e postos de traballo.
- Para iso pretendemos, partindo da realidade actual da carpintería de ribeira en Galicia comparada coa do resto das rexións marítimas do Estado español e dalgúns países europeos, abordar tres grandes apartados:
  - Diagnóstico do sector, utilizando como punto de referencia o Estudio Sectorial encargado pola Federación de Asociaciones Empresariales de Carpintería de Ribera en Galicia no ano 1995, e introducindo a maiores tanto unha avaliación medioambiental do sector como a descrición da oferta formativa en relación á profesión, comparando ambas coa situación noutras zonas de España e Europa.
  - Estratexias de futuro, abordando a renovación tecnolóxica e a diversificación da produción, as posibilidades que presenta o “plus” medioambiental da profesión en relación a un efectivo control de calidade dende o monte ata o mar, o papel da Administración na dinamización do sector e o aproveitamento do carácter cultural e identitario do oficio na oferta cultural e nos servizos de desenvolvemento local.

- Necesidades de Formación inducidas por este novo escenario, que tamén precisa unha mellora no coñecemento e na valoración da carpintería de ribeira tanto entre a comunidade educativa, como entre os profesionais da construción naval en xeral.
- Deixando a parte o necesario aporte documental, o Estudio vaise realizar mediante información directa procedente das propias carpinterías de ribeira, mediante:
  - Un cuestionario a cumprimentar en todos os establecementos de carpintería naval.
  - Entrevistas en profundidade con todos os axentes interesados na continuidade da carpintería de ribeira: profesionais da pesca e da acuicultura; náutica deportiva ou de lecer; empresas de turismo náutico; organismos da Administración; entidades museísticas e culturais...
  - Entrevistas cun panel de expertos, para aportar información complementaria de calidade aos diversos apartados do Estudio. Neste panel, entre outros, participarán profesionais da carpintería de ribeira de Galicia, do resto do Estado español e de diversos puntos de Europa.

\* En consecuencia, para que o Estudio parta dunha información real e as súas conclusións poidan ser operativas, é imprescindible a cooperación do propio sector e dos seus organismos representativos tanto en relación ao cuestionario, como á presenza de profesionais da carpintería de ribeira nas entrevistas a realizar. A este respecto, consideramos de utilidade establecer un enlace permanente con algún representante designado polo sector, para solventar dúbidas ou problemas na realización do Estudio.